

Conversación íntima, un diálogo absurdo
José Francisco García

Neste momento a arte se volve espectáculo sen máis e o artista non traballa xa para a obra cálida de antano, xurdida dos seus pensamentos, senón para unha potencia fría que ten como principal fin encher as institucións e congregar o gran público pampo ante unha amálgama de arte e obra de enxeñaría. É aquí, neste panorama institucional contemporáneo onde a implicación do artista escasea, cando nos atopamos cun artista como David Crespo. Un creador que vai ao epicentro de si mesmo e compoñe un espectáculo coas luces frías das súas fotos pero coa calor dunha obra con sentimento e intimidade.

David Crespo pertence a este momento. Acabado de saír da facultade, a súa produción está nun estado inicial pero con enormes ganas de avanzar e consolidarse. A súa obra bebe dunha especie de subcultura con marcadas connotacións sexuais -máis concretamente homoeróticas- e unha cultura urbana contemporánea, matizada polo moderno dos novos medios e as relacións persoais. Neste contexto sempre hai unha busca do outro, da parella, do amor; redefíne así a personalidade do propio artista que elabora a súa obra, partindo ás veces das súas vivencias e sempre de si mesmo como parte e todo das súas propias pezas; traballos que fan acenos a artistas tan dispares como Pipilotti Rist ou Bruce Nauman.

Na súa obra está presente e é evidente o espectáculo, con o que intenta contaxiar o público mediante coidadas atmosferas que desbordan son, luces, complicados vestiarios ou seu corpo espido que serve como centro material de *performances* ou fotografías... As súas imaxes ou actuacións remítenos a ambientes de festa, onde David Crespo leva a cabo un curioso alarde de intimidade. A súa obra ábrese cara ao exterior, sen pudor, pero con vergoña, esperando timidamente a mirada e a complicidade externas e converte o espectador nunha especie de *voyeur* que mira o artista mentres este como individuo dálles renda solta ás súas máis ocultas paixóns e desexos. Os seus pensamentos máis recorrentes como artista collen forma mentres como espectadores nos instala en certa atmosfera de incomodidade, soidade ou angustia. O resultado é unha amálgama moi enriquecedora de implicación co público. Para elo válese timidamente dunha contundente posta en escena, moi contemporánea, mesmo con certo aire aburguesado, chea de luz, imaxes e son. Todos estes recursos lanzan -en clave erótica- unha mensaxe moi potente sobre o sentimento da propia sexualidade, o amor, a individualidade, a soidade e a visión das relacións persoais. Ás veces, a súa obra integra fragmentos de textos que axudan a compoñer e dar mais viveza ás lecturas.